



**DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERRATAS.-** Para facer constar que unha vez publicadas as presentes bases de alleamento na páxina web de Xestur, S.A. detectáronse as seguintes erratas materiais nas mesmas, que compre corrixir:

1. No parágrafo 1º do apartado II.9.B.3 das bases, consta que *“o incumprimento polo comprador ou polos adquirentes posteriores das obrigas establecidas na cláusula A).1, dará dereito a Xestur, S.A. a esixir ao adquirente, unha indemnización nunha contía equivalente á cantidade bonificada sobre os prezos base que figuran no ANEXO I da acta do Consello de Administración de Xestur, S.A. de 5 de febreiro de 2019, en concepto de cláusula penal.”*, cando en realidade debe dicir: *“O incumprimento polo comprador ou polos adquirentes posteriores das obrigas establecidas na cláusula A).1, dará dereito a Xestur, S.A. a esixir ao adquirente, unha indemnización nunha contía equivalente á cantidade bonificada sobre os prezos base que figuran no ANEXO VI da acta do Consello de Administración de Xestur, S.A., 19 de febreiro de 2021, en concepto de cláusula penal”*.
2. No parágrafo 3º do apartado II.9.B.3 das bases, consta *“(…)Rebaixa do 30% sobre o prezo actual: Parques de Arzúa, Negreira, Boiro, Silleda (excepto as parcelas 6 e 7a que será do 50%), Lalín, A Sionlla, A Reigosa e Mos”,* cando en realidade debe dicir : *“(…)Rebaixa do 30% sobre o prezo actual: Parques de Arzúa, Negreira, Boiro, Silleda (excepto as parcelas 6 e 7a que será do 50%), Lalín, A Sionlla, A Reigosa, Mos e Morás-Arteixo.”*

Estendese a presente dilixencia, aos efectos de que se teñan por subsanados os erros materiais antes indicados, publicándose a mesma nesta data na páxina web de Xestur, S.A.

En Santiago de Compostela, a 25 de febreiro de 2021.

O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González.